

**Memoria xustificación económica do Máster Universitario Oficial en Tradución
Multimedia**

Universidade de Vigo

Número total de páxinas: 9 páxinas

1. Persoal Académico

1.1 PDI da titulación

No Máster Universitario en Tradución Multimedia manterase o mesmo cadro de profesorado que participa actualmente no título, integrado por 15 docentes, 9 dos cales son doutores. O cadro integra profesionais do sector da tradución multimedia e profesorado universitario, o que garante unha formación multidisciplinar que aproxima a universidade á empresa. Nesta modificación propónse unha reorganización das disciplinas e os créditos impartidos, mantendo as proporcións de participación da docencia de profesorado doutor (70%) e non doutor (30%). O cadro de profesorado do máster está integrado por especialistas de prestixio e con dilatada experiencia no ámbito da tradución multimedia. Trala xubilación dun profesor propio da Universidade de Vigo, o cadro de profesorado inclúe 15 docentes, 7 da Universidade de Vigo e 8 externos. Os primeiros son profesores permanentes, 6 titulares de universidade e 1 contratada doutora, cun total de 28 quinquenios, o que acredita a súa experiencia docente. Os sexenios aumentaron progresivamente desde o comezo do programa: 5 en 2015-16, 8 en 2016-17, 9 en 2017-18 e 2018-19, 11 en 2019-20 e 16 en 2022-23. A día de hoxe, 6 dos 7 docentes permanentes teñen sexenio vivo. Hai que engadir a obtención de dous sexenios de transferencia, especialmente importantes dada a conexión do máster coa práctica profesional. Dos 8 profesores externos, 4 son profesores universitarios con vinculación a tempo parcial en distintas universidades españolas (Universitat Jaume I, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Vic, Universidade Complutense de Madrid e Universidade do País Vasco) e unha delas está acreditada a Profesora Titular. Tres de eles son doutores e cinco, licenciados en tradución e interpretación. A pesar de que se fixeron algúns cambios na distribución de PDI do programa, o cadro de profesorado segue sendo estable e non se produciron diminucións na experiencia docente nin profesional do profesorado no seu conxunto.

Poden consultarse os méritos de docencia do profesorado non doutor nos seguintes enlaces:

1. [Judith Cortés Villaroya](#): Profesora asociada na UAB; profesora asociada na Universitat Rovira i Virgili; Profesora no Máster en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo.
2. [Marta Iravedra López](#): Profesora Contratada Interina na Universidade do País Vasco; Profesora no Máster en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo.
3. [Manuel Mata Pastor](#): Profesor Asociado na Universidade Complutense de Madrid; Profesor de Tradumática e Localización na UAB; Profesor no Máster en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo.
4. [José Morales Soto](#): Profesor no Máster en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo desde 2022.

Os tres profesionais externos sen vinculación coa universidade que teñen unha docencia residual no máster (5 horas dedicadas a aspectos moi específicos como a documentación para a localización de videoxogos, as técnicas de axuste ou a linguaxe cinematográfica) contan con experiencia docente no Máster Universitario en Tradución Multimedia desde os seus inicios e son profesionais con ampla experiencia no sector que traballan para institucións e empresas fortes do sector, como Nintendo, The

Pokémon International Company, IYUNO-SDI ou o Instituto do Cine. Para implementar as modificacións solicitadas non é preciso dotarse de profesorado adicional, polo que no momento en que se solicita a modificación non se prevé que sexa necesario establecer un plan de contratación de novo profesorado.

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
Universidade de Vigo	Titular de universidade	40%	100%	43,95%
Universidade de Vigo	Contratada doutora	6,66%	100%	5%
Universitat Jaume I	Axudante doutora	6,66%	100%	10%
Universidad Complutense de Madrid / Universitat Autònoma de Barcelona	Profesor asociado	6,66%	100%	10%
Universitat Autònoma de Barcelona	Profesora asociada	6,66%	0%	10%
Universidad del País Vasco	Profesora contratada interina	6,66%	0%	7,92%
Sen filiación universitaria	Profesionais do sector	26,66%	0%	13,13%

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Tot al	Parcial			
Universidade de Vigo	Titular de universidade	6	Permanente		X	6	25	15
Universidade de Vigo	Contratado doutor	1	Permanente		X	1	3	1
Universitat	Axudante doutora	1	Temporal		X	1	0	0

Jaume I								
Universidad Complutense de Madrid	Profesor asociado	1	Temporal		X	1	0	0
Universidad del País Vasco	Profesora contratada interina	1	Temporal		X	0	0	0
Universidad Autónoma de Barcelona	Profesora asociada	1	Temporal		X	0	0	0
Senfiliación universitaria	Profesionais autónomos	4	Non vinculados		X		0	0

1.2 Outros recursos humanos

Para unha adecuada impartición da docencia no Máster Universitario en Tradución Multimedia é necesario o apoio do Persoal de Administración e Servizos do Centro ó que pertence o título e do persoal do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao. Neste sentido, cabe afirmar que xa se conta con persoal adecuado e suficiente de apoio á docencia. A información sobre os recursos de apoio á docencia pode consultarse nos seguintes enlaces:

- [Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Filoloxía e Tradución.](#)
- [Persoal do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.](#)

Outros recursos humanos dispoñibles (PAS: Secretaría, Conserxería, Biblioteca)				
Categoría	Experiencia no posto (anos)	Tipo de vinculación coa universidade	Dedicación	Antigüidade na universidade
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Funcionario pas interino en vacante	25%	17

Xefe/a de área	n/d	Persoal funcionario	100%	30
Xefe/a de área	n/d	Persoal funcionario	25%	29
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Funcionario pas interino por substitución	25%	3
Xefe/a de área	n/d	Persoal funcionario	25%	29
Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	25%	23
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Funcionario pas interino por substitución	25%	11
Auxiliar técnico de servizos xerais	n/d	Contrato laboral fixo	100%	26
Auxiliar administrativo - posto base	n/d	Funcionario pas interino en vacante	25%	13
Técnico especialista de servizos xerais	n/d	Contrato laboral fixo	100%	27
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Persoal funcionario	25%	15
Xefe de negociado de asuntos xerais	n/d	Persoal funcionario	100%	18
Auxiliar administrativo - posto base	n/d	Funcionario pas interino en vacante	25%	19
Xefe/a de área	n/d	Persoal funcionario	25%	34
Auxiliar administrativo - posto base	n/d	Persoal funcionario	25%	23
Administrador de centro	n/d	Persoal funcionario	25%	23
Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	25%	23
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Persoal funcionario	25%	22
Auxiliar técnico de servizos xerais	n/d	Contrato laboral fixo	100%	16
Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	25%	23
Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	25%	23

Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	100%	31
Técnico especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	n/d	Contrato laboral fixo	25%	32
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Funcionario pas interino en vacante	25%	10
Auxiliar técnico de servizos xerais	n/d	Contrato laboral fixo	100%	22
Auxiliar administrativo - posto base	n/d	Funcionario pas interino en vacante	25%	16
Xefe/a de negociado de apoio	n/d	Funcionario pas interino en vacante	25%	9
Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	25%	32
Xefe/a de área	n/d	Persoal funcionario	25%	30
Auxiliar administrativo - posto base	n/d	Funcionario pas interino por substitución	25%	11
Auxiliar técnico de servizos xerais	n/d	Interinidade por substitución	100%	12
Xefe/a de negociado	n/d	Persoal funcionario	25%	23

2 Recursos materiais e servizos

A Universidade de Vigo e a Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT) dispoñen dunha dotación en infraestruturas, equipamentos docentes, aulas e laboratorios, tanto físicos como virtuais, de primeiro nivel, axustada ao desenvolvemento dos obxectivos formativos e das actividades previstas no Máster Universitario en Tradución Multimedia en modalidade virtual. Os recursos dispoñibles observan os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos segundo o disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. O procedemento para a xestión dos recursos materiais e dos servizos regúlase no SIGC e pode consultarse en: <http://sdfft.webs5.uvigo.es/images/docs/calidade/procedementos/IA01.pdf>

Os recursos materiais necesarios para a impartición da docencia do Máster Universitario en Tradución Multimedia pola Universidade de Vigo comprenden os seguintes:

- [Campus remoto da Universidade de Vigo](#). Este servizo centraliza as diversas ferramentas de teledocencia:
 - o MooVi: plataforma baseada en Moodle que integra software antiplaxio e o navegador Safe Exam Browser para realizar exames en liña. Permite acceso a contido offline.
 - o [Aulas virtuais "en directo"](#): permiten impartir docencia mediante videoconferencia, gravar, compartir pantalla, presentacións e chat. [A estrutura das aulas virtuais da FFT reproduce a estrutura das aulas físicas](#).
 - o Foro do profesorado: lista para o profesorado usuario do servizo.
 - o [Salas de profesorado](#) e de reunións virtuais: todo o profesorado dispón do seu despacho virtual.
- Fondos da biblioteca:
 - o <http://sp.bugalicia.org/vig/gl/subjects/databases.php?tipo=todos>
- Blog da biblioteca da FFT: <http://blogdabiblio.es/>
- Taboleiros en Pinterest de Bibliotecas da Universidade: <https://www.pinterest.es/CenUVIGO/>
- Laboratorios informáticos, aulas de audiovisual e de gravación. Destaca o laboratorio de audiovisual, que reproduce as condicións reais dunha empresa de dobraxe e sonorización.
- Outros recursos materiais e servizos da FFT: ben que o máster se imparte en modalidade virtual, o alumnado matriculado ten acceso aos recursos materiais e servizos do centro: <http://fft.uvigo.es/es/facultad/recursos-materiales-y-servicios/>
- Pílulas docentes.
- Servizo de uvigo.tv, que recolle recursos audiovisuais do Máster Universitario en Tradución Multimedia: conferencias, seminarios e obradoiros impartidos.
- <https://tv.uvigo.es>
- Estes recursos garanten a adquisición de coñecementos, competencias e habilidades e o desenvolvemento das actividades formativas planificadas, observando os criterios de accesibilidade universal do título proposto.

2.1 Espazos dispoñibles

Os espazos imprescindibles para implantar as modificacións do título en modalidade de docencia virtual destácanse nos cadros que se inclúen. Con todo, os espazos dispoñibles poden consultarse nas seguintes ligazóns:

- Aulas do Campus Remoto correspondentes á FFT: <https://campusremotouvigo.gal/faculty/301>
- Salas virtuais do profesorado:
- <https://campusremotouvigo.gal/faculty/993>

- Recursos materiais e servizos da FFT: <http://fft.uvigo.es/es/facultad/recursos-materiales-y-servicios/>

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO VIRTUAL		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aulas virtuais en directo	Utilízanse para xornadas de acollida de alumnado, actividades introdutorias, clases virtuais síncronas, presentacións de estudantes, conferencias, xornadas e proxeccións	Máis de 100 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN		
Aulas virtuais	49 aulas virtuais dotadas dos postos que sexan precisos, con funcionalidades como compartir pantalla e presentación, chat e gravación	
Salón de actos virtual	1 salón de actos virtual dotadas de postos ilimitados, con funcionalidades como compartir pantalla e presentación, chat e gravación	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
SALAS DE PROFESORADO – TIPO VIRTUAL		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Despachos virtuais	Utilízanse para titorías individuais e grupais.	Ata 101 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN		
Salas de profesorado	15 salas de profesorado asignadas a cadanseu docente para o seu uso, autenticadas e dotadas de funcionalidades como compartir pantalla e presentación, chat, gravación, caixa de arquivos, Moodle e vídeos.	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
SALAS DE PROFESORADO – TIPO DESPACHO		
DESCRICIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

Despachos físicos de profesorado	Titorías presenciais co alumnado	Individual ou pequeno grupo
DENOMINACIÓN DO ESPAZO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		
Despachos físicos	7 despachos do profesorado vinculado á Universidade de Vigo.	

2.2 Novos espazos necesarios

A modificación do título non require da dotación de novos espazos, xa que a Facultade de Filoloxía e Tradución e a Universidade de Vigo dispoñen de todas as infraestruturas físicas e virtuais necesarias para o desenvolvemento do mestrado.

2.3 Novos equipamentos necesarios

A modificación do título non require da dotación de novos equipamentos, xa que a Facultade de Filoloxía e Tradución e a Universidade de Vigo dispoñen de todas as infraestruturas físicas e virtuais necesarias para o desenvolvemento do mestrado.